

COMISION INFORMATIVA AREA SOCIOSANITARIA, CULTURAL E DEPORTIVA

DITAME

DATA: 5 de agosto de 2019.

SESION EXTRAORDINARIA

Hora: 12,45 h.

ASISTENTES

Polo BNG

D. Fernando Suárez Barcia (Presidente)
D^a María del Pilar Otero Cabarcos
D^a Mónica Freire Rancaño
D^a Mari Luz Alvarez Lastra

Polo PP

D. Daniel Vega Pérez (suplente)
D^a Begoña Sanjurjo Santar (suplente)

Polo PSG-PSOE

D^a Marta García Rey

Secretario:

D. José A. Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R. Vázquez Parga.

Tco. Admón. Xeral:

D. José Rodil Veiga

Asisten tamén os Técnicos D. José Luis Gegunde López, Traballador social, Dona Silvia responsable do contrato da Deputación Provincial e dona Carmen Rubiños, Directora do CAM de Ribadeo.

ASUNTOS.

UNICO.- EXPEDIENTE PLN/2019/9 RELATIVO AO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE RIBADEO.

O Sr. Alcalde abre a sesión referíndose a que se trata dun punto aberto relativo ao funcionamento do Centro de Atención a maiores de Ribadeo a raíz do Pleno extraordinario solicitado polos membros do Grupo Municipal Popular.



Sinala que asisten técnicos para inforar e que se pediu información á Deputacion Provincial sobre os diferentes escritos e petitions que se formularon por parte da oposición. Faise entrega pola Alcaldía aos asistentes de copias dos documentos intercambiados co organismo provincial.

Indica igualmente o Alcalde que existen tres regulamentos que son públicos, están a disposicion de todos e que é a normativa vixente.

Continúa o Sr. Alcalde explicando que o Centro de maiores se trata dun dun centro completo, novo, no que van entrando os usuarios pouco a pouco e que tamén é unha novidade para os empregados, sendo tamén un centro físicamente novo co que elo conleva.

Refírese a diferentes cuestións que xurdiron ao comezo da posta en marcha, comidas elementos de cociña, etc. luz, gas, ascensor, etc. etc.

O catering que se empregou indica que so foi unhos días e que se buscou o mellor sen cuestionamentos xa que xurdiron demoras co gas para as cociñas, sinalando que se puido pedir antes pero non se fixo por cuestións que dixeron os técnicos que non merecía a pena pedir a subministración ata o final co que se aforraban tamén unhos cartos.

Valora moi ben o traballo das persoas resonsables do contrato e da Deputación Provincial así como da empresa e dirección da mesma.

Interven a continuación a Sra. Rubiños responsable do Centro nomeada pola Deputación Provincial que realiza unha explicación exhaustiva sobre as diferentes preguntas feitas pola Alcaldía sobre distintos aspectos, acompañamento a médicos, diferencias entre urxencias e consultas concertadas cos usuarios, etc. etc.

Por parte do representante do Grupo Popular sinalase respecto ao acompañamento que non dque se faga mal en Ribadeo pero que en moitos centros da comunidade o acompañamento faise con persoas con titulación; sinalandose pola directora do Centro que en casos excepcionais sí pero outros non o fan e non se precisa titulación.

Respecto a outra das preguntas que se facían sobre dúas traballadoras sinala que se empezou con 4 e unha foise por decisión propia e outra non superou as probas.

Con relación a unha terceira cuestión sobre a ratio sinala que se aumentou persoal e que se cumpre existindo nestes intres 26 usuarios.

Salienta con relación ao funcionamento do Centro na actualidade que a filosofía do mesmo é que é unha residencia centrada na persoa e así suliña que por exemplo non hai horarios de visitas polo que existe una maior relacion cos usuarios e unha total transparencia no acontecer diario do Centro.

O seu despacho está aberto sempre e é importante destacar que alguns usuarios que veñen doutros centros sen recursos, sen pañales, con pouca roupa, con úlceras, etc. son atendidos completamente o que supón, á vez, un esforzo extra para todo o persoal que presta servizo.

O Concelleiro Sr. Vega Pérez manifesta que entende todo o que sedí e que agradece e valora que se explique deste xeito. Valora moi positivamente.

Intervén o Traballador social do Concello Sr. Gegunde López. Manifesta que cando acaben esta comision teñen outra sobre acceso de persoas ás prazas, sinala que o perfil dos usuarios e mais elevado para persoas dependentes e en mal estado e que hai bastantes desprazados doutras residencias.



Puntualiza tamén que ao comezo era escéptico sobre o sistema que se adoptou para a xestión, que é un Centro complexo per parécelle que funciona moi ben sinalando que lle chegaron a dicir que eran mais esixentes que a Inspección o que da idea dos controis e prevencións que se aplican no Centro e que a seu xuízo, reitera, ten un funcionamento 5 estrelas.

Sobre os accesos indica que existe unha Comisión de valoración en base aos baremos e criterios establecidos nos regulamentos, formada por técnicos, e que logo se resolven por orde de puntuación pola Alcaldía-Presidencia.

Por último intervén a responsable do contrato que en efecto se trata dun centro completo e complicado, reitera o manifestado tanto pola Alcaldía como pola dirección do Centro sulñando especialmente que o que primou sempre é a seguridade das persoas, que se vai producindo unha entrada de usuarios pouco a pouco, que nunca faltou unha comida e que existe un esforzo de todas as partes implicadas realizándose funcións extras a maiores do básico esixido pola Xunta.

A Comisión queda enterada das anteriores explicacións sobre o funcionamento do Centro de atención a maiores de Ribadeo.

E non sendo outro o obxecto da sesión dase por rematada a mesma sendo as catorce horas estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

**O SECRETARIO XERAL,
Asdo./ JOSÉ A. CARRO ASOREY
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE,**

